



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE ABRIL DO 2024

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de abril do dous mil vinte e catro, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Presidente o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, D^a Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela e D^a María Luisa Vázquez López

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 25 DE MARZO E 19 DE ABRIL DO 2024.

Sométese a votación as actas do pleno de 25 de marzo e 19 de abril do 2024, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.02.2024 AO 23.04.2024.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.02.2024 e o 23.04.2024.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- TOMA DE POSESIÓN CONCELLEIRO D. EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRIGUEZ

Despois de recibida a credencial como concelleiro de D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez da Xunta Electoral de Zona de Monforte de Lemos e da presentación do rexistro de intereses

Acta Pleno ordinario 29.04.2024



SECRETARIA

e bens ante a Secretaría Xeral do Concello, procédese a toma de posesión como concelleiro do Partido Popular de D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez.

4º.- BONIFICACIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS A AFAMON.

O ditame é favorable á proposta con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“Vista solicitude presentada en data 09.04.2024 RE (2024/9057), LOPEZ OTERO XOSE LUIS, 34250645B, actuando en representación da empresa ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE MONFORTE, G27272483, presenta solicitude na que expón que “ se conceda bonificación da cota tributaria do ICIO de acordo coa ordenanza reguladora do mesmo”

Visto informe de data de asina do documento electrónico por a Tesoureira Municipal e o Técnico de rentas.

Dacordo co artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

No apartado e) establécese unha bonificación do 30% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras.

O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente

As devanditas bonificacións quedarán sen efectos por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas

Visto o que antecede propónse ao Pleno da Corporación

PRIMEIRO.- *DECLARAR a obra de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais.*

SEGUNDO.- *Conceder unha bonificación do 30% do imposto sobre construcións, instalacións e obras recollida no artigo 7 e) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras á empresa asociación de familiares de enfermos de alzheimer de monforte, g27272483, para a construción dun centro de día para persoas con alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas.*

Tercero.- Aprobar a liquidación do ICIO por importe de 2.251,85€.”

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, cos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

5º.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DE “DESDOBRAMENTO DA REDE XERAL, COA CONSTRUCCION DUNHA NOVA TUBAXE XERAL

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do

Acta Pleno ordinario 29.04.2024



SECRETARIA

concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcribese a proposta:

“En data 26.07.2022 o Pleno da Corporación aprobou o Preacordo asinado entre o Concello de Monforte de Lemos e a empresa FCC AQUALIA SA, relativo ao cumprimento da sentenza número 269/2021, de data 30.12.2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Lugo. O punto primeiro de dito Preacordo sinala que este producirá efectos unha vez aprobado polo Pleno, e que adoptado o acordo o Concello requirirá formalmente a FCC AQUALIA SA a execución do correspondente proxecto técnico e a realización da obra.

En data 02.08.2022, a empresa FCC AQUALIA SA fixo entrega (NRE 2022 12230) do proxecto de DESDOBRAMENTO DA REDE XERAL: CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA TUBAXE XERAL, redactado polo enxeñeiro industrial D. Alfonso Fernández Losada (Colexiado nº 1.103 del I.C.O.I.I. de Galicia). O proxecto contempla un orzamento de execución material de 1.499.858,35 €, e un total, (unha vez engadidos o 13% de gastos xerais e o 6% de beneficio industrial), de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA E CATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.784.831,44 €), inversión real que segundo o Preacordo aprobado asumirá FCC AQUALIA SA.

En data 04.08.2022 pola Técnica de Servizos do Concello de Monforte de Lemos emitiuse informe FAVORABLE de supervisión do proxecto ao que se fai referencia no punto anterior.

En data 09.08.2022 incorporouse ao expediente informe emitido pola Intervención municipal.

Con data 24.10.2022 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo

- *“Declarar a innecesiedade da concesión da licenza municipal xa que se trata dunha obra que deriva dun preacordo entre a empresa concesionaria das redes de subministro de augas do Concello e dun proxecto aprobado polo Pleno da Corporación, na súa sesión celebrada o día 22 de agosto do 2022, para a execución dunha obra que vai a reverter neste Concello.*
- *Autorizar a utilización do dominio público municipal para a realización das obras.*

Deberán cumprirse as seguintes condicións:

- *A obra realizarase por tramos podendo executar neste momento o tramo 0-1 (no camiño municipal Polígono 33 Parcela 9039), o tramo 2-3 (no camiño municipal Polígono 43, Parcela 9007) e o tramo 12-13 (na rúa Curros Enríquez), recollidos no plano nº S02 (revisión 05) aportado aparte do proxecto, onde se recollen as coordenadas dos puntos de inicio e final de cada tramo, quedando o resto dos tramos á espera da aportación das autorizacións ou o informes favorables dos órganos que teñan as competencias sectoriais correspondentes.*
- *Antes do inicio das obras, deberá aportarse unha garantía patrimonial do 5% do orzamento de contrata aprobado polo Pleno da Corporación, excluído o I.V.E”*



SECRETARIA

Con data 26.01.2023 o Sr. Alcalde-Presidente ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

“.../...”

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno e autorizar a FCC AQUALIA SA a modificación de trazado da canalización que discorre por un tramo da rúa Morín, entre o camiño de acceso a Pacios - Ribasaltas dende a rúa Morín a rúa Ramón Cabanillas cunha lonxitude de 1.483 metros lineais.

SEGUNDO.- Autorizar a FCC. AQUALIA SA para realizar o trazado alternativo que proxecta utilizando o camiño a Pacios -Ribasaltas dende a rúa Morín por camiño de Agra e por rúa Ramón Cabanillas cunha lonxitude de 1.710 metros lineais.

TERCEIRO- Requirir a FCC AQUALIA SA para que presente o modificado do proxecto para unir ao expediente nun prazo dez días, contados a partir do seguinte ao da recepción da presente notificación.

CUARTO.- Notificar a mesma aos interesados e informarlles que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación

Con data 05.06.2023 a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo:

“Autorizar á empresa FCC AQUALIA a utilización do dominio público da obra “Desdoblamiento de la Red General: Construcción de una tubería general” naquelas zonas que contan coa autorización sectoriais pertinentes.”

Con data 15.12.2023 a empresa FCC AQUALIA presenta o proxecto modificado 2 da obra de Desdoblamiento de la Red General en Monforte de Lemos.

Por todo o anterior, ao Pleno da Corporación formulo a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Prestar aprobación ao proxecto modificado da obra de DESDOBRAMENTO DA REDE XERAL: CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA TUBAXE XERAL, redactado polo enxeñeiro industrial D. Alfonso Fernández Losada (Colexiado nº 1.103 del I.C.O.I.I. de Galicia).

2º.- Notificar a FCC AQUALIA SA o contido dos presentes acordos aos efectos previstos no punto primeiro do Preacordo aprobado polo Pleno da Corporación en data 26.07.2022.

3º.- Trasladar os presentes acordos á Intervención municipal, á Oficina técnica e á Técnica de servizos aos efectos oportunos.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:



SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que na comisión informativa xa lles quedou claro que se piden unha serie de cambios, se comentaban na comisión informativa que ten un custo de 110.000, 00 euros gustaríalle saber como é o pago, dixo vostede que hai un tema pendente de intereses que pode saír a favor do concello, gustaríalle saber quén van pagar eses cartos. Non entenden como poden dicir como este cambio o u reforma que se vai facer vai ser pagada por uns intereses ou senón por Aqualia.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles despois de ver os informes técnicos favorables e escoitar do que se falou na Comisión informativa, pide que se rematen canto antes nos termos que expuxeron na Comisión Informativa, pero estas cousas tamén se puideron ver antes, cando un se pon a furar non sabe o que hai debaixo da terra, máis este desdoblamento de aproveitar tubaxes vellas ou liñas, ven se puideron ver visto antes cando se fixo antes, e o técnico do concello o tería que velo, polo tanto no sucesivo que teñen en conta estas cousas.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles vanse abster porque esta obra se deriva dun acordo do equipo de goberno e a empresa Aqualia, incide o que di o concelleiro do voceiro do BNG, hai que ser máis rigurosos nos proxectos. De todas formas, prefiren absterse porque foi un acordo entre as dúas partes, agora se incrementan eses 110.000 euros, seguramente deixen de recibilo o concello, incrementa o custo desta obra.

Intervén o Sr. Alcalde di que xa se explicou na comisión informativa tratase de que o proxecto ten que ser modificado polo mesmo que o fixo, pero houbo cousas que cambiaron en vez de ir polo Morín, houbo que ir pola pista da Agra cun incremento de metros, despois houbo un incremento de custe de materiais. Todo iso ten unha consecuencia, é máis houbo que pedir permisos novamente, porque variaba o trazado. O redactor do proxecto o cifra en 110.000,00 euros, cal é o que se acordou coa empresa como está sen acabar de resolver a denuncia que fixo o equipo de goberno por iso está facendo esa inversión onde a condenaron a pagar un millón case 700.000 euros e ademáis se lle reclamaron outro tanto de intereses dende o ano 2003, no contencioso en primeira instancia lle dan parcialmente a razón á empresa e ao concello, o xuíz entendeu que tiña que ser dende o ano 2018 e non dende o ano 2003, a diferenza é grande, o cálculo a groso modo se ise fora o resultado final significa que deberían un 350.000,00 euros, a groso modo, se fora dende o 2003 sería bastante máis. Aínda que se perdera e non houbera ningún contencioso o concello non pagaría nada, se a razón lla dan ao concello en parte habería algo máis de 300.000,00 euros, dos que 110.000 habería que pagar porque é o incremento do custo. En calquera obra pública pasa o mesmo sexa da administración que sexa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez si que lle queda claro que quén vai pagar o Concello. Dende Esperta Monforte xa se queixaron que lle daban a sensación de que estaban axudando a Aqualia porque Aqualia levanta e despois vai o concello



SECRETARIA

seguidamente arranxando. Haberá que recoñecer que se eran uns cartos que era para o Concello pero que agora van pagar, que quede claro quén paga.

Intervén o Sr. Alcalde di que xa se explicou varias veces, Aqualia non ten ningún incremento de custo, o incremento de custo é o proxecto, e se incrementa o custe das tuberías, ao custe do cemento, ese é o motivo, o que incrementa o custe é o proxecto. O proxecto non é de Aqualia o proxecto é do concello e a tubería de subministro xeral do concello de Monforte de Lemos, outra cousa é que o está facendo Aqualia con cargo a unhas obras que tiña que realizar e non o fixo.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e dos concelleiros do grupo municipal do BNG e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

6º.-RESOLUCIÓNS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

1º.- Con data 29.01.2024 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Modificación do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia, sen que se presentara ningunha suxerencia.

3º.- En Sesión Ordinaria do Pleno de data 26.02.2024 acordouse aprobar inicialmente a Modificación do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal.

5.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 051 de 1 de marzo do 2024, inseriuse anuncio relativo á exposición pública da aprobación inicial da citada modificación do regulamento de réxime interno da escola infantil municipal.

6.- O 09.04.2024 con RE 9062 ten entrada unha alegación, en relación á aprobación inicial que nos ocupa, subscrita por Dª Katherinie Varela Fernández, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular.



SECRETARIA

7.- *Obra no expediente informe da Directora do CIM, de data 19.04.2024, do seguinte tenor literal:*

“Antecedentes

1º.- *Con data 29 de novembro do 2023 recíbese requirimento da Secretaría Xeral Técnica da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros do Servizo de Inspección de Familia e Menores da Xunta de Galicia na que indican que o concello de Monforte de Lemos non conta con normas de funcionamento adaptadas á gratuidade da Escola Infantil Municipal que xestiona, recomendando acollerse ao Documento marco de Normas de Funcionamento xa visado e incorporado ao RUEPSS (área Descargas) e elaborar o Anexo I coas especificidades do centro.*

Non obstante para o caso de que o concello non se acolla ao Documento marco, establece as modificacións, seguindo o guión das normas de funcionamento marco, que deben realizarse no documento de Normas de funcionamento específico da Escola Infantil Municipal de Monforte de Lemos recollidas polo Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal publicado no BOP de LUGO Nº 145 de data 26 de xuño do 2009, coas súas actualizacións, remitido polo Concello de Monforte ao Servizo de Inspección.

2º.- *Con data 8 de xaneiro do 2024 a Xunta de Goberno Local adopta o acordo de aprobación por unanimidade do Borrador do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal, que responde ao requirimento efectuado, e remitindo ese mesmo día o citado borrador ao Servizo de Inspección de Familia e Menores.*

3º.- *Con data 9 de xaneiro de 2024, recíbese comunicación por parte do Servizo de Inspección de Familia e Menores na que manifestan que, supervisado o citado borrador, é de conformidade para o Servizo de Inspección de Familia e Menores para que o concello proceda a súa aprobación.*

4º.- *Con data 26 de febreiro do 2024, o Pleno do concello de Monforte adoptou o acordo da aprobación inicial da modificación do Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal. No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 51 de data 1 de marzo do 2024 inseriuse Anuncio relativo a aprobación inicial da modificación do citado Regulamento e a exposición de consulta pública a efectos de información pública e audiencia as persoas interesadas por un prazo de 30 días contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no citado BOP de Lugo.*

5º.- *No período de exposición presentouse con data 09/04/2024 alegacións por parte de DONA KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, en calidade de portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos.*

En relación as seguintes alegacións, procede informar:

1.- *En relación á alegación do punto 1, “Non consideramos pertinente que figure no Regulamento a dependencia orgánica e funcional da Escola tal e como se regula nos artigos 5 e 6, pois é claro que depende do Concello pero será según a conformación de cada goberno de turno a dependencia funcional do mesmo.*

No artigo seis, debe ser máis amplo no que atinxe a xestión, pois aínda que a día de hoxe está externalizada, debe considerarse a opción de que poida ser exercida directamente polo concello.



SECRETARIA

Informar que a Escola Infantil ten titularidade municipal polo que depende organicamente do concello, e funcionalmente da Concellería de Muller e Igualdade, área da que depende dende o ano 2009 no que se aprobou o Regulamento da Escola Infantil Municipal, xestionada de forma indirecta a través dunha empresa adxudicataria, recolléndose estes extremos no regulamento en aras da transparencia e información para que todas as persoas interesadas teñan coñecemento da dependencia orgánica e funcional deste servizo, así como que o mesmo préstase dun xeito indirecto.

Referir tamén que no requirimento efectuado pola Secretaría Xeral Técnica da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros do Servizo de Inspección de Familia e Menores da Xunta de Galicia, recollía que se fora máis explícito nestes artigos incluíndo os datos básicos da entidade xestora, cuestión que este concello entendeu suficiente con que se recollera a dependencia orgánica, funcional e que o servizo se prestara dun xeito indirecto.

2.- Respecto á alegación do punto 2. “En relación co artigo 7, no que se establece a Comisión da Escola, parécenos que existen demasiados integrantes do equipo de goberno, coa existencia dun sería suficiente e a maiores sería importante ter en conta algún representante das familias, como sucede nos consellos escolares”.

A Escola Infantil Municipal constitúe un servizo público educativo para a primeira infancia, cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos/as.

A Escola Infantil cooperará estreitamente cos pais, nais, titores ou representantes legais co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias.

O presente Regulamento ten por obxecto establecer as normas que rexen a organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal permitindo a mellora constante das relacións entre a administración titular do centro (concello), a dirección da Escola, os/as educadores/as e os pais, nais ou titores, así como o procedemento de adxudicación de prazas, en materia de solicitudes de novo ingreso, renovación de prazas, cobertura de baixas ao longo do curso e as condicións de uso.

A composición e funcións da Comisión recollidas no artigo 7 e 8 nada ten que ver ca composición e funcións dun Consello Escolar, en tanto que a Comisión desenvolve funcións referidas a cuestións organizativas e de funcionamento da escola infantil municipal nas que non procede a representación das familias na mesma.

3.- En relación á alegación do punto 3, “O artigo 31, en relación coa Axenda diaria, mencionar a importancia de que sexa telemática e gratuíta”.

A relación cos pais, nais, titores/as ou representantes legais, fomentada pola dirección do Centro, ten como principais obxectivos, o intercambio de criterios educativos, a transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamentos dos nenos e das nenas e compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades etc.

Informar respecto á Axenda diaria que é un instrumento de comunicación entre o Equipo técnico do Centro e os pais, nais, titores/as ou representantes legais de cada neno ou nena, a través do que poñen en coñecemento diariamente a información sobre a evolución integral de cada neno/a. Dito instrumento, de carácter voluntario, ponse a disposición das familias en



SECRETARIA

formato papel ou en formato dixital dende o Curso Escolar 2020/2021 a raíz da pandemia da COVID-19.

4.- No referente a alegación do punto 4 “O artigo 38 se menciona a palabra “deficiencia física”, sería bo adaptalo o novo linguaxe e substituílo por discapacidade.”

Respecto a esta alegación enténdese que debe procederse a súa rectificación, por ser un erro circunstancial, xa a que ao longo do regulamento modificouse o termo deficiencia en outros extremos non realizándoo neste artigo polo que, tal e como recolle a alegación, compre substituílo polo termo discapacidade, promovendo así unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva co obxectivo de acadar a igualdade, o respecto e o recoñecemento da diversidade da sociedade.

5.- No relativo a alegación do punto 5, “No artigo 29 poderíase incluír o fomento do plurilinguismo incluíndo actividades vinculados a outras línguas como o Inglés, a maiores do galego e o castelán.”

En relación a este punto, debemos matizar que o artigo que fai referencia á lingua é o artigo 30 do Regulamento, non o artigo 29 que sinala a alegación; sinalar tamén, que a redacción do artigo 30 recolle literalmente a modificación indicada no requirimento de data 29/11/2023 efectuado ao concello de Monforte pola Secretaría Xeral Técnica da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros do Servizo de Inspección de Familia e Menores da Xunta de Galicia, e que responde ao establecido no Decreto 150/2022, de 8 de setembro do 2022, que establece que as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as Comunidades Autónomas que teñan lingua cooficial como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia.

A alegación fai referencia ao fomento do plurilingüismo incluíndo actividades vinculadas a outras linguas como é o inglés, manifestar a este respecto que esta cuestión está recollida na Proposta Pedagóxica do centro, cumprindo así co principio pedagóxico que establece introducir unha primeira aproximación á lingua estranxeira traballándose fundamentalmente de forma transversal ao currículo, introducindo o persoal educativo conceptos básicos, a través do desenvolvemento de actividades.

6.- Respecto á alegación do punto 6, “Na disposición adicional única onde se establece a normativa de aplicación, consideramos necesario incluír toda a lexislación relativa a protección de datos”.

En relación a esta alegación, manifestar ao igual que no punto anterior, que se incluíu a normativa recollida literalmente no requirimento de data 29/11/2023 efectuado ao concello de Monforte pola Secretaría Xeral Técnica da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros do Servizo de Inspección de Familia e Menores da Xunta de Galicia.

Informar tamén que en todos os impresos e formularios relativos as cuestións de reserva de praza por renovación e novo ingreso, matrícula e baixa da Escola Infantil Municipal recollen expresamente toda a lexislación relativa a protección de datos.

Así mesmo, ademais do previsto expresamente neste regulamento, enténdese que será de aplicación toda a normativa aprobada nas distintas instancias gubernamentais que resulte de aplicación ao réxime organizativo e de funcionamento da Escola Infantil Municipal como é, entre outras, a lexislación relativa a protección de datos.



SECRETARIA

Tendo en conta as circunstancias expostas, INFORMO, salvo mellor criterio fundamentado en dereito, a desestimación de todas as alegacións realizadas excepto a alegación do punto 4 que unha vez analizada enténdese que debe proceder a súa rectificación substituíndo o termo deficiencias por discapacidade, en aras da utilización dunha linguaxe non discriminatoria e inclusiva contribuíndo a través do seu uso a unha representación máis xusta, equitativa e respectuosa da sociedade."

8. – Figura no expediente unha proposta da tenente alcalde do seguinte tenor literal:

"O Concello ten actualizado, de xeito habitual, a norma reguladora de funcionamento da Escola infantil municipal, e, en concreto, as referidas ás puntuacións outorgar para á adxudicación das prazas, en concordancia coas variacións realizadas pola Xunta de Galicia, para as escolas infantís de titularidade autonómica.

No DOG Nº 54, de data 15 de marzo de 2024, publicouse, por parte da Xunta de Galicia, as distintas convocatorias do procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego dos Servizos de Igualdade e Benestar, así como das escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais para o curso escolar 2024/2025 na que se realiza unha variación na puntuación do Baremo relativa ó criterio da situación laboral familiar, incrementando de 7 a 8 puntos a situación laboral de ocupación do pai e da nai.

Á vista do mesmo PROPONSE realizar de oficio a modificación no Baremo recollido no artigo 37, do xeito seguinte:

2º.- SITUACION LABORAL FAMILIAR,

2.1 Situación Laboral de Ocupación

Nai..... 8 puntos

Pai..... 8 puntos"

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Estimar parcialmente a alegación presentada por dona Katherinie Varela Fernández en relación ao punto 4 que, unha vez analizada enténdese que se debe proceder a substitución do termo "deficiencias" polo de "discapacidade", no artigo 8, desestimándose o resto das alegacións.*

SEGUNDO.- *Aceptar a proposta de corrección do baremo contemplado no artigo 37 dacordo co prposta pola primeira tenente de alcalde en relación á puntuación do baremo no referido á situación laboral dos país/nais e probar definitivamente a modificación do Regulamento*



SECRETARIA

de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal., procedendo á publicación do seu texto íntegro no boletín oficial da provincia. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Margarita Rodríguez dicindo que vai facer referencia as alegacións presentadas. Fala da adaptación ás normas da Xunta de Galicia. Fala de que é un regulamento adaptado á situación actual, quere manifiestar que se quere aumentar a puntuación de 7 a 8 puntos por cada pai ou nai traballador, e o concello quén está facendo a gratuidade. A única alegación que van admitir e substitución do termo “deficiencias” por persoas con discapacidade.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que en ningún momento dende o partido se pensou que o regulamento fose incorrecto o único que querían é ter en conta máis ás familias, de que non fose un contrato privado, que tantas dependencias do concello non lle parecía ben parecíalle ilóxico, botaban de menos que estas persoas os país formansen parte do Consejo, traballar co día a día das persoas máis coñecemento, non era que estivese mal o regulamento, poderíase añadir máis valores como se aportaban nas alegacións. O plurilingüismo non se lle parece que debe estar contemplado no regulamento non se dependería de ningunha empresa que oferten uns obxectivos pedagóxicos senón que lla estarían, fala de integrar de verdade ás familias nese regulamento.

Intervén D^a Margarita Rodríguez fala de diversos puntos no regulamento, fala dos puntos que teñen que cumprir as empresas, no que se fai referencia na Comisión da Escola hai demasiados representantes do Concello e pouco das familias, a escola é municipal, e social e educativa.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que ela segue insistindo que a incorporación das familias en cnato á súa opinión, lle segue parecendo importante para que figura no regulamento, no artigo 31 que se utilicen as tecnoloxías xa que estamos no século XXI para dar información aos país de como foi o día, como noutros colexios está incorporando, habería que facer un pequeno esforzo, cre e segue pensando que é bastante pechado e que poderíase facer máis aberto e traballar entre todos para que se recollesen os rogos doutros partidos e non ceñirse aos dun único partido.

Intervén D^a Margarita Rodríguez no que se refire o artigo 31 está fomentada pola dirección do centro, informar que a axenda diaria é un exemplo de comunicación, estase utilizando en formato dixital dende o 2020-2021 outros país non queren e utilizar o formato papel.

Intervén o Sr. Alcalde di que vostede cando ben a un pleno se luce, ven a dicir que se municipalice, quenes a privatizaron foron vostedes e agora quere que se remunicipalice, vostede está dicindo que se remunicipalice todo cando vostedes privatizan todo. Fala vostede das tecnoloxías quén lle contou esa película, xa hai anos que está dixitalizado. Vostedes poden facer rogos, propoña á Xunta que fora aberto e que lle fixeron caso, cre que vostede en función da situación está nun réxime ou noutro réxime, dígalle ao presidente da Xunta o que vostede propón que el está de acordo.



SECRETARIA

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte- Grupo Mixto.

7º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 08.04.2024 SOBRE SOLICITUDE DE CAMBIO DE ACTUACIÓNS NO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO SIL NA MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

1º.- Con data 27.02.2023 o Pleno da Corporación prestou aprobación ao Proxecto Construtivo de Melloras na Rede de Saneamento de Monforte de Lemos Fase II. Actuacións na galería baixo Praza Compañía-rúa Carude, colector Malloadas e rúa Concepción Arenal-Rosalía de Castro-Morín.

2º.- Con data 30.10.2023 o Pleno da Corporación prestou aprobación á terceira adenda de modificación e prórroga do convenio para as obras de mellora do Saneamento de Monforte 2ª fase.

2.- Con data 08.04.2024 a Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo:
"SOLICITUDE DE CAMBIO DE ACTUACIÓNS EN CONVENIO Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

A proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local por unanimidade, ACORDA:

En relación co convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación da redacción dun estudo de alternativas para a mellora integral do saneamento e depuración de Monforte de Lemos, e para a financiación, execución e entrega da segunda fase das obras de mellora do saneamento urbano desta localidade poño no seo coñecemento dese organismo de conca que durante a execución das obras da fase II no que afecta á rúa Dr .Casares detectouse unha importante entrada de augas non residuais na rede de saneamento procedentes do Rego de Arraxo.

Esta incidencia localizouse no cruce deste rego coa estrada autonómica LU-546 (rúa Morín que 800 ml máis abaixo enlaza con Dr. Casares) baixo que o río pasa canalizado (uns 77 ml) mediante dobre tubo de formigón de diámetro 800 mm. Unha vez pasada a cámara de inspección comprobouse que ditos tubos atópanse moi deteriorados con múltiples roturas polo que as augas do rego de Arroxo entran na súa maior parte na rede de saneamento á EDAR.

No citado convenio se recolle expresamente:

Acta Pleno ordinario 29.04.2024



SECRETARIA

O mal estado xeral dos colectores e pozos de rexistro tradúcese nunha elevadísima taxa de infiltracións procedentes de acuíferos e cauces superficiais, o que provoca tanto alivios directos de augas sen tratar ao medio receptor, como un funcionamento inadecuado da EDAR municipal.

Polo tanto, dende o Concello solícitase ao amparo do citado convenio se proceda a incluír na fase actualmente en execución as actuacións necesarias para que as augas do rego do Arroxo no entren na rede de saneamento municipal e que o posible sobranse económico se utilice para mellorar o abastecemento e saneamento (por ambas marxes), así como reposición nas beirarrúas no treito que alcance o orzamento. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno adopte os seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.04.2024 de solicitude á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de cambio de actuacións no convenio de Mellora Integral do saneamento e depuración de Monforte de Lemos. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que foi explicado na Comisión.

Intervén D. Emilio José Sánchez despois de escoitar as explicacións da comisión e dos informes, van votar a favor, poñen de manifesto que hai que buscarlle unha forma medianamente urxente para a evacuación das augas pluviais na zona da Compañía que é unha das cousas de quitar esa canalización, é practicamente inviable esa situación, hai que buscarlle unha solución. Hai varios anos seguidos con inundacións, buscar unha solución.

Intervén D^a Katherinie Varela dicir que isto é unha proba máis como se atopa o soterrado da nosa cidade. Din que se van abster entenden que máis urxente arranxar este tramo e que non se priven de pedir colaboración doutras administracións para arranxar o problema de saneamento e abastecemento da nosa cidade. Quere aclarar que este partido solicitou que se fixera unha xestión directa da escola municipal que se ampliase que no futuro que o regulamento non foxe impedimento se se quixese facer unha xestión directa.

Intervén o Sr. Alcalde di que lle asegura que está traballando nelo, e efectivamente canto antes se atopan solucións mellor, vostede sume o que se leva traballando. Dille a D^a Katherinie dille que ten a pel moi fina, non sabe que tono utilizou, vostede fai declaracións súas de tela marinera, vostede mire as declaracións publicadas a ver se el insulta como vostede insulta a el. Vostedes non son alleos á situación deste Concello por non cumprir con Monforte, o seu compañeiro Varela prometeu que ían a facer unha depuradora nova por un importe de 6 millo ns de euros e aínda non apareceu hoxe. O cambio desta obra foi suxerido por unha persoa do partido popular foi o que foi presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, D. Francisco Marín, que se fai se renuncia a parte do convenio. Fala vostede de colaboracións, estase pagando cando ano máis de 400.000 euros de canon a Augas de Galicia, dende o ano 2012, e sen retorno dun so euro. Aínda hoxe acaban de dicir que non lles daban para arranxar o teito da Praza de Abastos e nunca din por qué, dígalle vostede para que nos axuden, como os convenios que asinan con outras administracións. Fíxese vostede o



SECRETARIA

que se leva pagado e sen ningún euro de retorno, 12 anos por esta cantidade de diñeiro, cantos cartos son, esa é a realidade o resto son contos.

Intervén D^a Katherinie Varela empezar unha exposición dicindo lle teño moito aprecio pero cada vez que fala aquí se luce, non é moi adecuado, a miña compañeira foi moi adecuado, vostede entrar moitas veces na súa esfera profesional, polo tanto o respecto ten que ser mutuo. Por outra banda, sempre esta igual que a Xunta non lle da nada, trouxo unha moción onde se proponía un convenio millonario coa Consellería de Infraestruturas para mellorar o tema de saneamento, vostede lle chama mentirosa, dende logo si que é certo que esa moción a trouxeron aquí e votaron en contra, se fai algún crítica é pola súa acción política nunca personal.

Intervén o Sr. Alcalde quere que se aplique o conto porque vostede non o aplica. Vostedes si que insultan e ofender, e inventar e manipular, vostede fala á verdade estrepitosamente, esa desa oferta é unha gran mentira. A Sra. Conselleira cando se enterou de que posiblemente non se fixera unha depuradora en Santiago que valía 40.000 millóns de euros, mandoulle unha carta ao ministerio facendo unha proposta para varios Concellos, entre eles a Monforte, aquí non veu unha oferta formal de convenio, iso é falso, traiga a carta da Conselleira, proponía un reparto deses 40 millóns, pero ao final estase facendo a depuradora de Santiago. Esa carta non di que quere asinar un convenio co Concello de Monforte, fala de repartir eses cartos con varios Concellos. O mellor é dicir a verdade e cos documentos na man. Traiga vostede a carta onde está esa oferta de convenio.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular.

8º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA 3 DE MAIO, DIA INTERNACIONAL DA CONVENCIÓN INTERNACIONAL SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“La Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad de Naciones Unidas es un tratado internacional que protege los derechos de las personas con discapacidad, fue aprobada el 13 de diciembre de 2006 por la Asamblea General de las Naciones Unidas (ONU). España la ratificó el 3 de diciembre de 2007 y el 3 de mayo de 2008 entró en vigor, pasando a formar parte de su ordenamiento jurídico.

La Convención es el tratado internacional que recoge los derechos humanos y libertades de las personas con discapacidad, así como las obligaciones de los Estados para promover, proteger y garantizar que las personas con discapacidad disfruten plenamente y en igualdad de condiciones de todos los derechos y libertades fundamentales y promuevan el respeto de dignidad inherente.

El objetivo es conmemorar y reconocer la importancia de este instrumento normativo internacional que ha supuesto la consolidación del enfoque de derechos humanos de las personas con discapacidad, que son consideradas como sujetos titulares de derechos por lo que las administraciones públicas están obligadas a garantizar que el ejercicio de estos sean plenos y efectivos.

El 10 por ciento de la población mundial son personas con discapacidad, que no se resignan a su situación de relegación e incluso de marginación y que reclaman sus derechos, su plena ciudadanía. Las personas con discapacidad son sujetos, titulares de derechos, participativos y responsables, que asumen la dirección total y completa de su vida personal y social.



SECRETARIA

La Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad de Naciones Unidas produjo cambios en la legislación española, el más importante es el Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, que aprobó el texto refundido de la Ley general de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social. Este Real Decreto reconoce a las personas con discapacidad una serie de derechos y además, garantiza las condiciones básicas en materia de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad

La FEMP, comprometida con los principios de la Convención y en representación del compromiso y los intereses de las entidades locales que representa aprobó la constitución de la Comisión de Políticas Integrales de Discapacidad con el fin de promover políticas públicas de discapacidad dirigidas a la inclusión, derechos y bienestar de estas personas y sus familias, políticas locales exigentes y respetuosas con el modelo de derechos humanos que deben concebirse y desplegarse conforme al paradigma de la Convención.

En este año en el que los gobiernos locales y la FEMP celebramos la modificación del Artículo 49 de la Constitución Española, adecuándolo a la realidad social y a la normativa internacional, y que refleja el enfoque de derechos y de inclusión al que España se ha comprometido ratificando la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, llamamos la atención a los gobiernos locales para formular sus políticas a partir de siete pilares de inclusión:

*1. **No Discriminación:** Asegurar que todas las personas, independientemente de su discapacidad, tengan acceso equitativo a los servicios e infraestructuras y al empleo, promoviendo un entorno libre de barreras físicas, sociales y digitales.*

*2. **Participación Activa:** Fomentar la inclusión de las personas con discapacidad en el diseño, implementación y evaluación de las políticas públicas que afectan sus vidas.*

*3. **Accesibilidad Universal:** Adoptar medidas concretas para garantizar la accesibilidad en todos los ámbitos de la vida pública, eliminando las barreras arquitectónicas, de comunicación y actitudinales.*

*4. **Capacitación y Educación:** Promover programas de formación que incrementen la concienciación y comprensión sobre los derechos de las personas con discapacidad, fortaleciendo la capacidad de la sociedad civil para participar en procesos decisivos.*

*5. **Cambio de Percepciones:** Trabajar activamente en cambiar las actitudes sociales y combatir los estereotipos negativos hacia las personas con discapacidad.*

*6. **Igualdad de Género:** Integrar una perspectiva de género en todas las políticas y acciones relacionadas con la discapacidad, prestando especial atención a las necesidades de las mujeres y niñas con discapacidad.*

*7. **Función Pública.** Promover una nueva regulación reglamentaria del acceso al empleo público de las personas con discapacidad, que actualice el marco normativo vigente, Este 3 de mayo, renovamos nuestra llamada a todos los sectores de la sociedad para que se unan en este compromiso común. Trabajando juntos, podemos construir una comunidad más inclusiva y resiliente que reconozca y celebre la diversidad humana en todas sus formas, asegurando que nadie quede atrás.*

Á vista do que antecede, PROPONSE ao Pleno que se adopte o seguinte acordo

Aprobar a presente declaración institucional e adhesión á mesma.”

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do Concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALICIA O ARRANXO DA RÚA CHANTADA E DA RÚA MORÍN SITAS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á moción con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, , e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1.- Instar á Xunta de Galicia a arranxar o antes posible a rúa Chantada e a rúa Morín, tal como se detalle no texto de explicación.

2.-Remitir este acordo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

3.- Dar traslado deste acordo ós voceiros e voceiras dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia. ”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que están de acordo que se arranxe calquera rúa nese caso con ese desdoblamento que se comentaba e o mesmo para a rúa Morín. Instar á Xunta de Galicia que o faga o máis rápido posible, pedir o soterramento do cableado eléctrico, é unha posibilidade certa que hai un montón de cidades que o están facenda, pedirlle á Xunta esa opción tamén de soterrar os cables.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non é concretamente desta iniciativa se trouxo deste grupo ao pleno na parte alta da rúa Chantada, necesita unha mellora, van votar a favor por suposto. Fala da electrificación da segunda rolda urbana e equipos urbanos, esta iniciativa cinguense na rúa Morín e rúa Chantada son conscientes de que non sabe se foi casualidade ou tocaba, fixéronxe 150 metros de beirarrúa preto do Cemiterio e coincidiu xusto a semana antes das eleccións municipais, di que eles a este respecto todos os anos enmendan as propostas da Xunta de Galicia, evidentemente o caso que lle fan está aí.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que dende o grupo do partido popular van votar a favor desta moción , non van facer o que fan vostedes que lles votan todo en contra. Di que a súa obriga e facer e pedir o mellor para Monforte. Di que lle parece pouco ambicioso o que se piden vostedes para estas dúas rúas, vostedes non piden nesta moción que se mellore a iluminación, que se ornamente as rotondas que se faga un paseo ata o final da rúa Chantada, o soterramento do cableado eléctrico, seguro que non piden isto porque a forma de facer as cousas de vostede son outras, no barrio do Casar asfaltou e pintou, pero as cunetas quedaron como estaban, quedou outra parte do barrio sen asfaltar que segue



SECRETARIA

reventando as tubaxes, a día de hoxe seguen perdendo as tubaxes que seguen sen reparar, o problema continúa e o gasto continúa e o cidadán segue sufrindo continuos cortes de auga e sen servizo. Xa se levan tres roturas dende que se asfaltou de novo esta rúa, nalguna reunión se lle dixo que foran recuperando as tubaxes e que logo se asfaltara, na rúa Morín hai que esperar a que se rematen as obras que se están facenda, non está moi claro que as beirarrúas sexan da Xunta. Fala de que se solucione o problema da auga, queren que se teñan uns mellores servizos para iso se pagan os impostos.

Intervén D. Ibán Torres insiste que xestionou vostede ante a Xunta de Galicia, o único que lle preocupa e descalificar é unha práctica habitual. Di que se tiveran unha idea mínima de licitación de obras, incluído deberían gardar silencio quén foi o goberno do partido popular quen realizou o contrato con Aqualia e foi este Alcalde, se sabe moi ben que o canon da auga que paga este Concello para o concello non ven nin un duro. Exerza a súa responsabilidade.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o dos cables son o dixeron moitas veces, di que cando eles fan obras avisan ás empresas que prestan servizos, Telefónica, Fenosa, etc, para que se queren renovar, cambiar, se o fan estupendo, vostede quere que o concello soterre todo iso para as empresas. Di que eles avisan ás empresas para iso, dille a D. Emilio que cando no 2005 o cambio de goberno, xusto entre as eleccións e a toma de posesión no Parlamento veu poñer a primeira pedra o Sr. Nuñez Feijoo que era conselleiro da COTOP e despois púxose a obra e púxose en marcha entornando no ano 2007 a obra. Dille a D. José Luis que vostede sabe que se vai aprobar, é máis vostede debería saber politicamente polo menos que eso que vostede pide unha ora de desdoblamento de urbanización ten que estar incluído no proxecto, mire vostede cantos das iniciativas que hai no parlamento se detallan o que teñen que facer en cada proxecto, e vostede ven aquí dando unha clase como hai que desdoblar unha rúa e saben como hai que solicitar, evidentemente ten que contemplar a mellora do alumeadado, a mellora das beirarrúas, senón se estaría urbanizando senón se estaría facendo unha capa de rodadura. Conta vostede unha historia como a novela dos pasos. Evidentemente se rompe unha tubería hai que abrir para reparar, as tuberías no se estropean en 8 anos, vostedes teñen responsabilidades tamén gobernaron aquí. As cousas melloran quen é o culpable diso, a novela dos pasos contéille vostede á Xunta para que fagan todo iso no Morín e na rúa Chantada. Segundo acaba de explicar Monforte é un desastre, fala dos parques, a auga está moito peor, o barrio do hospital, non veña con contos que Monforte está mellor, iso é así. Xa non quedan parcelas que vender no polígono hai que ampliálo, eles van seguir traballando para que Monforte mellore, e logo fala de que non está claro que as beirarrúas sexan da Xunta, debería saber que as aliñeacións van de peche a peche cando non é solar e de parede a edificio, e non o sabe llo di, na rúa Valle Inclán se pediu unha licenza para poñer un andamio sobre a beirarrúa, rápidamente apareceu un capataz da Xunta que teñen que pagarlle a eles, porque o linde vai de pared a pared, non hai dúbida ningunha, as beirarrúas son delas, vai de edificio a edificio. Hai moitas maneiras de pedir as cousas e di vostede que se materialice o que se pide, que o faga a Xunta, depende do concello solicítalo pero a execución é da Xunta, e de vostedes. Espera que non se repita iso que vostede di, ten por rexistro a petición dunha reunión co Presidente da Xunta dende o ano 2015 e sen resposta. Di que a estas alturas da súa vida para tonterías non está, todo aquilo que non sexa verdade o vai denunciar públicamente con todo respecto.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal

Acta Pleno ordinario 29.04.2024



SECRETARIA

Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do Concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA QUE A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR D^a KATHERINIE VARELA, PIDA DESCULPAS OS MONFORTINOS, ÁS MONFORTINAS, E Á CORPORACIÓN MUNICIPAL POLAS MENTIRAS E MANIPULACIÓN VERQUIDAS SOBRE O CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (CRAEGA).

O ditame é favorable á moción con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dúas abstencións do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e dous votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

1.- Esixir á voceira do Grupo Municipal Popular do Concello de Monforte de Lemos, D^a Katherinie Varela Fernández, que pida desculpas ou perdón ós veciños e ás veciñas de Monforte de Lemos, ó Alcalde e a toda a Corporación municipal polas mentiras, as manipulacións e a desinformación coas que pretendían enganar a todos os cidadáns”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que o señor Torres empre di que estan sen facer nada tomén nota da moción para que si entenda. Resulta asombrosa que a voceira sirva a intereses particulares antes que a intereses xerais, se a Sra. Katherinie fixo isto hai que botarlle a favor desta moción. Non sabe se son eles que le pidan perdón ou desculpas entre eles, non o entenden.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que para eles é moi fácil tirar pola rúa do medio, incluso de podería falar dun tanto populista, pero vai entrar en materia, o tema do CRAEGA xa se falou no último pleno, se sabía quén xogaba coas cartas marcadas de antemán, tamén se sabía que o concello tiña os pasos limitados e aínda así se votou a favor dunha iniciativa pero cuns matices claros, tamén participou no debate que houbo na Deputación e aínda que as cuestións eran distintas, sabíase que isto estaba o peixe vendido. Neste punto tamén se debateu a voceira do Partido popular se lle dixo que estaba equivocada e aquí é onde se debe de falar, o que se fala nos medios de comunicación, e se mentiu e se sentin ofendidos teñen os mecanismos xurídicos, non vai ser el quen defenda ao partido popular que foron votados para traballar polo Concello. Non hai que esquencer que defenden ao Partido popular nesta cámara. Esta iniciativa abonda na sección política a seguir o xogo ao Partido Popular ao que nos ten acostumados. Se quere pedir desculpas que o faga pero non porque o pleno a obrigue, algún pode facer algunha inexactitude. Polo tanto, sinceramente sabendo que ten razón do que se falou do CRAEGA esta iniciativa eles non a van apoiara, isto é unha cousa desagradable dicirlle a un compañeiro que pida desculpas, cada un é responsable do que di. O que se fale nesta Cámara débete nesta Cámara.

Intervén D^a Katherinie Varela di que cando recibiu este documento non daba moito crédito estaba moi sorprendida. Aínda que realmente despois da actuación que tivo despois da actuación que tivo o Preidente do Goberno de España pola actitude que tivo de marcharse catro días anunciando que se vai. En canto a esta moción non quere entrar moito máis, cre que do CRAEGA faláron todos, parécelle ben que o alcalde aclare que

SECRETARIA

acción fixo para que o CRAEGA se marche, non aclaran que mentiras dixo, parécelle unha falta de respecto unha moción deste calibre. Di que ela non vai aclarar nada máis. Di que calquera acto que faga é en defensa dos veciños. O que está ofendido é vostede sr. Alcalde e implica aquí aos veciños, se victimiza, se nalgún momento ten que pedir perdón, agora ben unha moción deste calibre que ademais di que ten que pedir perdón polas súas mentiras que non din cales son.

Intervén o Sr. Torre di que non é unha moción de obrigado cumprimento. Di que eles están esperando a comunicación do Sr. Presidente do CRAEGA dicindo por qué deixando as instalacións. O coñecemento desta marcha a coñecen os traballadores a través da prensa, por iso acudiron ao concello para saber cando sería a marcha. A historia que veñen a contar aquí non ten nada que ver. Sinala que eles non están mantendo que minte, o que se di é que se tratou de enganar a todos os cidadáns cando era algo que estaba acordado de antemán. Os dereitos dos monfortinos os defende este equipo de goberno, debería actuar con honestidade.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que o que querían era escoitar a D^a Katherinie , pòis tamén lles gustaría recalcar que isto non debería traer, lles gustaría saber se finalmente o sr. Alcalde o chamou ao Sr. Francisco, o certo é que ESperta Monforte non ten nada contra vostedes é soamente contra a forma que teñen de actuar, el si que dicía que vostedes tiñan que pedir desculpas ao mellor son fallos que teñen, eles non están pola labor aquí desculpas ou perdón según que cousas.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que no tema do CRAEGA este tema está claro , agardemos que fixe Monforte unha alegación, e do resto sinceramente sen ánimo de ofender a ninguén esta iniciativa é darlle unha importancia á voceira do Partido Popular, sen ánimo de ofender b aixo o seu punto de vista non o ten.

Intervén o Sr. Alcalde di que D^a Katherinie é moi importante para eles. En relación coas cartas marcadas é evidente aquí se sabía o que ía ocorrer, e polo tanto esta parafernalia, estaba dicidido e resulta o culpable sen haber feito nada, ten razón vostede que as cartas estaban marcadas dende facía tempo. Sabe que ese xuíz fantástico que aceptou esa denuncia que os propios denunciante reconecen que é falsa ten unha filla que é concelleira do Partido Popular en Pozuelo de Alarcón , o pobo dos ricos, o que quere é que a verdade se poña riba da mesma. Vostedes son uns maestros de facerse vítimas, leve desde que está en Madrid o Sr. Feijoo salvarse, el non escoitou dende que foi para Madrid ningunha soa proposta, votaron en contra das subas das pensións. El vai propoñer que se faga unha reforma, a maior democracia do mundo , os presidentes nombran aos xuíces de Estados Unidos e por riba son postos vitalicios e ninguén di que Estados Unidos non sexa democrático, el propondrá que cambien a lexislación. Menos mal que o Presidente tomou una boa decisión. Falan vostedes de reprobar, acaban de reprobar ao Ministro no Senado. Miren vostede di que non aclara porque non pode aclarar, porque nin el nin o concello son os responsables da marcha do CRAEGA porque non se dirixiron ao concello solicitando ampliación de espazo, nin nada, ofrecéuselles Tor, o Presidente do CRAEGA foi recibido na Deputación varias veces so e acompañado, o que eles pedían el non o vai facer repartir a finca en cinco trozos, as empresas que pedían eles, pagando a Deputación todo. Hai cousas que son cachondeo, así que non veña dicindo que se negou porque falla a primeira vez que se reunirá con el, a vostede non lle interesa aclarar nada. O de pedir perdón, el di que debe pedir perdón porque os monfortinos foron enganados por vostede a sabiendas. Cando un non ten argumentos mezcla cousas. A el dóelle que manipulen as cousas cando non son



SECRETARIA

verdade, o resto non, vostede pode dicir o que queira que non lle doe nada. Logo di o seu orgullo, o orgullo é por defender a Monforte porque non consinte que se engane á xente a sabiendas. Fala vostede nos medios de comunicación, o conselleiro formaba parte do espectáculo, o conselleiro nunha conversación informal onde había varios membros do Consello Regulador da denominación de orixe ribeira sacra díxolle que se foran para a Escola de Capacitación Agraria, evidentemente do comentario, dixeron que estaban cómodos e polo tanto non lles parecía. Facer oposición da oposición se é descubrir a verdade claro que o fai, tamén o Sr. Feijoo di que non minte, minte seguido é unha mentira andante. Critica de que non o fai ben, é posible. Non critica vostede os seus inventos, cando un non di a verdade está inventando cousas. Mire el esta falando soamente das declaración que fixeron vostedes. Di vostede que non entenden que se pase pola cabeza ao alcalde que critique que se vaia o CRAEGA de aquí, e logo di vostede que en Tor hai centros de metros cadrados en perfectos estado, claro que se lle ofreceron, hai fotos desa visita, hai factura de que se puxo a fibra a petición del. O que é para nota facía falla unha finca enorme e despois él mesmo declara que cando foron ver a Casa Grande de rosende pero tiña moito céspede, non dan coidado o céspede que hai en Nadela e queren unha finca de 180 hectáreas. Está dicindo o contrario que non lle fai falla finca. Ao consello regulador non lle fai falla finca porque eles non producen certifican. Polo tanto, está claro e logo vostede lle chama mentiroso e ladrón, di que pode chamar mentiroso cando prometeu que viría Pacadar e non veu, e fala tamén o tema dos inyectables, e logo di que cre o ladrón que todos son da súa condición. En relación co Pacadar pode pedir o convenio á deputación de lugo porque se asinou coa empresa para a compra dos terreos e para recalificalos no prazo de tres anos, con data 24.01.2012 daquela o ente provincial Suplusa lle manda un escrito ao alcalde de Monforte pedíndolle que lle diga as posibles alternativas de abastecemento e saneamento e claramente lle fala o que necesitan. Con data 28.02.2012 o alcalde envía unha constatación a Suplusa acompañado dun infomre que di o informe no punto 6 no é posible a conexión de sanemaento mentres non se solucionen os problemas da EDAR, senón hai saneamento non se poden recalificar os terreos. Así que iso de que él é o culpable de uqe non viñera Pacadar, porque o que ven agora é para nota, Pacadar presentou unha porposta á Xunta para poder fabricar en Monforte. O día 20.11.2010 o periódico na súa última comparecencia pública que o parlamentario do PP Dámaso López falou dunha de 20 postos de traballos, a través da subvención do IGAPE. Hai outro medio coñecido de todos o PP di que a chegada de Pacadar a Monforte se debe ao favor da Xunta, segundo o PP non fixo nada, como vai ser o culpable, como se atreve a dicir estas cousas. O que dixo foi que Pacadar viña apra Monforte asinado o Convenio, el estaba na oposición. Cre que debería reflexionar un pouquiño sobre todo nas cuestións das que fala vostede. Di o señor Ameijide destaca con su visita a Monforte quere poñer de relieve a unidade do PP neste asunto, eso significa que hai outros que non. Parece que quere participar nos actos de Monforte unha parlamentaria que está preto de Monforte. Vostede non contou a verdade sobre este proceso.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e sete votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que no ano 2017 todos os da oposición excepto vostede D. Emilio que se abstivo, votaron a favor de reprobar ao alcalde cun debate bronquísimo onde lle chamaron de todo, e sabe o que fixeron os cidadáns de Monforte non facer caso a

SECRETARIA

todo isto e no ano 2019 fixeron o que fixeron, di que lle sobran documentos para probar todo o que di.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA QUE SE LEVEN A CABO DETERMINADAS MELLORAS NA PARROQUIA DO CHAO DE FABEIRO.

O ditame é favorable á moción con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“ Que se leve a cabo un plan de mellora de asfaltado das vías da parroquia de Chao de Fabeiro consistente en:

- 1. Arranxo todos os problemas de asfaltado das vías da parroquia de Chao de Fabeiro.*
- 2. Desbroce dos camiños.*
- 3. Que se atendan os problemas de auga, que nesta parroquia teñen continuos cortes de auga e os problemas de saneamento.*
- 4. Mellora da sinalización nos accesos a parroquia, sobre todo no desvío desde a LU-P-3202, e neste caso instar á Deputación se é a administración competente.*
- 5. Acción contundentes para achegar a fibra óptica. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. José Luis Rodríguez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que xa votaron a favor, asfaltar as vías, problemas da auga, solucións para a achega da fibra óptica, pero cre que nos programas vai máis o menos iso, seguir invertindo nas parroquias, continuar coas actividades dos veciños e xestionar os arranxos dos problemas medioambientais que se dean nas parroquias, pero ben é certo que eles xa dixeron e reiteran a petición da fibra óptica, esta moción vale para todas as parroquias, pero sí que é certo, non lles era tan problemático nin tan caro o do WIMAX, para algúns gastos non teñen vostedes moitos problemas e para gastar en WIMAX en todas as parroquias os teñen.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que é sinxela a moción, quén vai votar en contra de que se melloren os servizos. Non sabe se vostede vai traer nos próximos 26 plenos unha citada de cada parroquia, pódese levar a todas as parroquias que todas teñen necesidades. En canto ao desbroce supón que empezaran en breve. O medio do entorno rural de Monforte cren que non se poden ceñir a arranxar os camiños, hai que darlle máis vida, hai que levarlle actividades que a xente se sinte que participe na vida cotiá, eles van votar a favor da iniciativa. Están agardando que se traiga no caso dos camiños e das pistas, a ordenanza da madeira. Cren que se debe facer iso, no tocante ao da fibra óptica porque lle chegaron uns avisos de que andaba unha empresa por algunhas parroquias pedindo usuarios para despois esta empresa contactar coa rede galega, como foi no caso da parroquia de A Vide, varios usuarios reclamasen, e Rede Galega levou a fibra óptica á Vide. Quén leva a fibra óptica ás parroquias á a Rede Galega, é certo que deberíase tomar medidas dende o Concello para que isto se produza dun xeito máis áxil.

Intervén D. Ibán Torres non sabe cantas veces repetiu cantas veces non ten que ver aquí a Xunta de Galicia. Dende o ano 2015 actuouse na totalidade das parroquias. Como xa son coñecedores dos seus aseos. O goberno municipal en Chao de Fabeiro, levou a cabo o asfaltado nunha lonxitude de 1.150 metros, renovación total de luminarias, limpeza de



SECRETARIA

todos os camiños da parroquia, substitución do termo do local social, hai outras tantas melloras realizadas na parroquia. Deberíase saber antes que os desbroces non se poden realizar todos os días, hai unha folla de ruta para poder dar servizo as parroquias, porque os medios humanos e económicos son os que son, agora se desbroza moito máis que cando gobernaba o Partido Popular. A parroquia de Chao de Fabeiro non é das peor tratadas, o abastecemento de auga o puxo un alcalde do PP, e eles teñen que facerse cargo dunha obra mal executado, críitan que este alcalde non para de asfaltar e agora piden que se asfalten estes camiños do Chao de Fabeiro. En canto á fibra óptica ao non ser que vain cun palo detrás das empresas, é obrigación das empresas, o técnico municipal ten obrigación de axilizar as licenzas, non se pode facer máis sobre ese tema. O que non van permitir que se asevere que este equipo de goberno ten desatendido a determinados barrios e parroquias, porque vostede sabe que isto non é certo, hai que ser responsable da posición que un ten. Di que eles pola súa parte garatizaran ás parroquias de Monforte que sigan tendo a atención necesaria.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que eles van seguir mantendo reunións con todas as parroquias, ao mellor traerán dúas ou tres xuntas, non 26, para que non lle faga tan pesado Sr. Emilio, eles queren saber a inquietude que teñen os veciños, e das queixas que están recibindo, cos veciños do Chao de Fabeiro estiveron o outro día, teñen claro que os problemas da auga tamén a teñen os veciños de Chao de Fabeiro, tamén lle transmitiron que todo o do asfaltado. Os veciños do Fabeiro dentro do seu núcleo teñen o asfaltado deteriorado, teñen o abandono do que é pueblo, o desbroce dos camiños, e despois di que eles non piden tampouco senón é obrigación do Concello o de achegar á fibra óptica ao mellor sendo intermediarios coas empresas que levan iso, sempre se axuda. Di que o que prtenden que as inquietudes dos veciños do Fabeiro a leven a cabo, pero estas deficiencias existen porque os veciños os transmitiron.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que haberá que traballar por eses problemas porque pòsiblemente se o transmitiron os veciños, hai unha serie de problemas, e queren ser correo de transmisión, non veñen a dicir que o fan todo mal, pero si que hai unha serie de problemas, é certo que teñen visións totalmente difretentes, é cretro que eles non farían as cousas como vostedes, o papel que teñen agora mesmo é o de fiscalizar. O que non poden dicir que eses problemas non existen.

Intervén D. Emilio José Sánchez ve que vostede non quere entender, o que di é que se cambia o membrete a esta moción, válelle para todas. As parroquias de arredor e o resto. Gustaríalle que se marquen os camiños de tal punto a tal punto. Pero traballar polo entorno rural engloba máis cousas, atención primaria, un sistema educativo completo, se se queren fixar poboación hai que ter outras cousas que non se ven tanto, cando se vai faltar cos veciños da parroquia e que non temos médico, o colexio queda moi lexos, iso tamén forma aprte da calidade de vida do entorno rural.

Intervén D. Ibán Torres di que está de acordo co voceiro do BNG. Tome nota médicos, asistencia social.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostedes teñen dereito a propoñer o queiran dentro da norma. Pero son a contradición en vena, porque fíxese vostede e di o Sr. Ameijide acusa a el para beneficiar a Monforte e que ten un equipo permanente de rego en Monforte, vostede está de acordo con isto, cando ademáis minte cando os equipos de rego, xa levaban máis de ano e medio dous anos que non estaban en Monforte e agora van volver,



SECRETARIA

por certo. El vai facer todo o que poida por Monforte, fala vostede de trabalar, máis ben é copiar con cambiar de parroquia e algunha cosilla . Din vostedes total abandono do rural, un pouquiño de porfavor, hai quén se autoconvence, pero non teñen razón, poden verse fonchancas, pode ser por maderistas porque saen coa madeira non avisan, o que leva o beneficio que paguen. E logo, en xeral, nunca tan ben estiveron as parroquias como ata agora, é certo que cando remata o inverno hai fochancas, pero tamén os equipos volverán, aínda que lle acusen de favorecer a Monforte. Di que eles non van a unha parroquia eles van a todas as parroquias. Fala vostede de desbrozar, esta en Monforte ou onde está, se desbroza unha vez a partir do 1 de xuño, todos os anos, catro tractores un do Concello e tres contratados por unha empresa, e logo di que isto non depende da Xunta claro que depende da Xunta , porqué a Xunta non fai co Concello para arranxar camiños como fai con outros Concellos, sería do xénero tonto darlle diñeiro da Xunta para que vostede quede ben, iso o dixo vostede. Espera que cambie co novo goberno, que hai unha xente razoable no novo goberno da Xunta.

Cando veu Julia Otero a facer o programa que se fixo en Regina Viarum, e ese día lle preguntou Julia Otero polo Sr .Rueda, e lle dixo que era unha persoa máis accesible que o Sr. Feijoo, e despois do programa o Sr. Rueda o chamou para darlle as grazas, non lle doen prendas dicir cando as cousas están ben.

En relación coa fibra o Concello non ten ningunha competencia, nin neste nin ningún outro, quén teñen que poñelo son as empresas contratadas polo Estado. Fala vostede de problemas de auga, é certo que na zona do Fabeiro teñen rotura varias veces , sabe o que pasou aí, esa instalación se fixo cando era alcalde D. Nazario Pin, e pasou de alí cara a Fiolleda, Baamorto, cando abren foi de tan mala calidade a obra, está o canto rodado á tubería, é que fai rompe, por un lado fixeron vostedes esa zona, pero a calidade da obra é moi mala, unha tubería de PVC non rompe, lembra antes de marchar o Sr. Feijoo dixo que ía ser a lexislatura do rural, falta o primeiro programa de actuación no rural. Todas as actividades que piden as parroquias se fan, e ademáis se lles di aos pedáneos iso. Fala de que haberá autobús gratuito un día á semana,.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO A MELLORAR A XESTIÓN DO TURISMO NA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á moción con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“. Que o equipo de Goberno mellora a xestión do Turismo da nosa cidade levando a cabo as seguintes actuacións:

- 1. Desenvolvemento e creación de infraestruturas de interese turístico, como poden ser áreas de descanso ao carón do río, rutas de sendeirismo ou accesos a zonas de interese.*
- 2. Creación dun Consello Municipal de Turismo onde teñan cabida representantes dos sectores relacionados co turismo e que poidan mellorar a calidade e o desenvolvemento do mesmo.*



SECRETARIA

3. *Maior promoción do patrimonio cultural e natural con visitas guiadas e periódicas, gratúitas para os veciños de Monforte que na maior parte fan de guías dos visitantes.*
4. *Aproveitar o transporte urbano e a intención de crear máis rutas para crear alternativas para os turistas, sempre con coste para eles para o financiamento do servizo.*
5. *Mantemento, actualización, mellora e ampliación de ferramentas dixitais dos servizos turísticos. Páxina web ou apps que permitan unha maior información das ofertas.*
6. *Potenciar o turismo en épocas non turísticas con campañas, como o fan noutras administracións, como pode ser a Xunta.*
7. *Traballar en plataformas de distribución turística online de visitas guiadas, excursións e actividades, desenvolvendo o produto e a oferta coas empresas do sector.*
8. *Creación da concellería de Turismo e da praza de emprego público de Técnico de Turismo e recuperar a xestión directa do turismo no concello”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán di que é unha ferramenta moi importante, falan de qu ehai moitas cousas que teñen externalizadas. Di que non van facer unha ruta de sendeirismo, non van facer unha praza de técnico de turismo, porque despois estaría ao que digan vostedes, deberían tratgar dunha forma máis seria estes temas. É certo que non vai un consello de turismo porque se vai funcionar como o de saúde é mellor que non o creen, si que é certo que se vive moito so turismo, unha forma boa seria que se remunicipalizara.

Intervén D. Manuel Luaces di que dende o BNG de que o turismo pode ser un motor socioeconómico. Monforte é un concello con grandes capacidades turísticas, sendo a capital da Ribeira Sacra. O modelo turístico que se promove dende o BNG esta orientado que sexa de calidade diversificado, poñendo en valor o turismo da zona rural a aprte da urbana, respectando a contorna. Hai que lembrar que a xestión do turismo é da Xunta de Galicia, podería facer vostede como voceira do Partido Popular, instar a que dean maior visibilidade aos recursos turísticos de Monforte, xa que o concello é o que máis aporta a esa entidade, podería pedir que se cambiase a sede institución que está en Luintra e podería ser en Monforte. A verdade a moción lle parece xenérica nada concreta. Cren que moi xenérica e insostible, comeza a nosa cidade ten o todo para ser un destino estratéxico, vostede soamente fala da cidade, o rural tamén pode ser atractivo para o turismo. Fala do punto 1, esquece que o principal punto de turismo do Concello é en Doade, a creación dun consello municipal do turismo, outro chiringuito, o tema que sexa gratúito para os veciños de Monforte non saben ata que punto é legal. Polo que teñen entendido polo haber algunha APP para o turismo dende a Deputación e o Concello, e promover a través da rede social se fai. Entenden co festival do viño, o camiño do inverno, o tema das luces de nadal para o comercio se está actuando, pode gustar máis o menos, pero si se actúa. Aмосa a súa votación en contra.

Intervén D. Ibán torres calificando de etéreas as propostas da moción. Todo o que hai na moción non hai ningún so dato e ningunha cifra. Vostedes non poden evitardicir que hai unha situación de catastrofismo total, non sabe facer política. O que si non van pasar que venga vostede alabando á Xunta en xestión do turismo, festas gastronómicas e merendiñas. Non se pode deixar de valorar o que fixo e o que se está facendo, esa Axencia de turismo de Galicia débese á actuación da Xunta, entende que como oposición teñen que



SECRETARIA

criticar o que fai o equipo de goberno, pero deste xeito. Teñen vostedes moi contentos aos que traballan na oficina de turismo, unha oficina que abre todos os días da semana, isto non é admisible, aquí o aumento do turismo o traballou o equipo de goberno coa promoción constante. A oficina de turismo recibiu 18.395 persoas presencialmente, por teléfono 1.400 persoas, e por e-mail 300 persoas a torre da homenaxe recibiu 16.566 persoas. Fala da oficina do peregrino, con datos obxectivos, a media de turistas é de 200 persoas ao día. Di que procedería que retirase a moción.

Intervén D^a Katherinie Varela dirixíndose ao Sr. Manuel se vostede consiera que a Xuntrade Galicia debería de dar maior visibilidade ao turismo de Monforte, debería traer unha moción aquí e apoiarlán. Igual ten que fiar con maior pretensión, non falan soamente do casco urbano. En canto ao bus urbano aclarar que aproveitar en certas épocas e utilizar ese bus para subir a San Vicente e as persoas con problemas de mobilidade non teñen acceso. En canto ao que dixo o Sr. Ibán Torres non dixo en ningún momento que a Xunta traballe por Monforte, dixo que a Xunta viu o potencial do turismo en xeral, e que a xunta elabora campañas nas épocas de maior turismo. En canto á oficina de turismo non din que non a atenden, a xente non sabe onde está e iso é porque non está ben sinalizada, habería que intentar superar iso. Aquí o que hai que traer é unha moción para instar a executar a ferramenta do turismo en Monforte.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que isto se podería facer remunicipalizando.

Intervén D. Manuel Luaces di que os modelos de turismo que teñen son opostos, di que o que se externalizou foi a oficina de turismo e para el está ben sinalizada.

Intervén D. Ibán Torre di que o goberno non está levando unha política de turismo clara que poda chegar á nosa cidade, fale dos datos diga cales considera mellorables. De datos máis concretos, non é que se encaixen mal as críticas, son opinións abstractas e xenéricas que fixo vostede aquí.

Intervén D^a Katherinie Varela di que non está criticando o que ten, a moción ten que ter un contexto reducido, cre que a súa exposición explicou como se pode potenciar máis a cidade, está no seu dereito de dicir que o que está facendo moi ben, Monforte non está desenrolada economicamente como debiera. A poboación cae, é o primeiro ano que se mantén grazas á emigración. Vostede dá datos de visitantes que cre que se poden incrementar e que eses redunden todavía máis na cidade. Di que eles van insistir no asunto da xestión do turismo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle parece a vostede que non está ben feita pero a eles está ben feita. Qué cousas concretas propón, é curioso solo falou dunha de que o bus fora a San Vicente, e por riba vostedes non apoiaron o dos bus e agora queren que vaia a San Vicente. Di que as declaracións de Sra. Katherinie cando o Concello contratou a influencers para promocionar na rede, e dixo vostede no seu día "que se gastaron máis de 40.000,00 euros", custou exactamente 18.089,00 euros IVE incluído, non se poden dicir esas cousas á lixeira, pero non engane. Non me extraña que lle dea vergoña, se o fai o Concello está ben ou esta mal, se o fai a Xunta está ben ou está mal. Dille ao Sr. Luaces, falaba vostede da sede do Consorcio, están incumprindo a lei os señores do Consorcio.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Municipal do



SECRETARIA

BNG, catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e unha abstención do concelleiro do grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NA QUE SOLICITA A CONSTRUCCIÓN DUN PUMP TRACK EN MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á moción con dous votos a favor do concelleiro do Grupo municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Instar ao goberno municipal a que realice as xestións necesarias para a construción dun Pump Track Municipal”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Manuel Luaces dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu apoio, gustaríalle vostede onde de podería colocar se fora nas Lamas, e un pump track é unha pista bomba.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que eles van a votar a favor, pero pensan que a moción proposta lles parece un pouco pobre en canto ao contido, non especifica que tipo de pump track, non é certo que todas as idades podan usar este tipo. Vostede sr. Tomé chamoulle comunista, equivocouse, pump track trock que se fai na N-120, grazas aos baches, e nos arredores, queda por definir o regulamento que suponen que vostede traerán esa proposta ao pleno, como a Monforte lle vai moi ben, aquí en Monforte é moi difícil chegar, supón que o director nacional da orquestra lle arranxará como chegar.

Intervén D. Ibán Torres que non se poden negar a implicación deste alcalde e o compromiso co deporte. Fala da recentemente renovación do pavillón da pinguela, fala da renovación da piscina municipal que se vai levar a cabo. Fala das axudas a clubs, a deportistas individuais. Agora mesmo non encaixa na folla de ruta porque hai outras prioridades sobre a mesa, non descartan nun futuro levar a cabo a instalación que solicitan.

Intervén D. Manuel Luaces dicindo que considera que é unha pena, porque actualmente hai unha escola dun club ciclista que está funcionando moi ben e carecen de instalacións. Realmente non é algo tremendamente caro, non está ao nivel da súa xestión, evidentemente se ceñiría ao que dixeronos técnicos, na antiga pista de patinaxe, incluso se poderían dar uso aos vestiarios en desuso.

Intervén o Sr. Alcalde di que non din que non, din que non neste momento, dende o ano 2020 levan gastado en instalacións deportivas de 6.953.000,00 euros e claro agora mesmo a prioridade é a piscina e logo tamén os campos de fútbol, pistas de tenis. Fala das pistas de atletismo que superan o millón de euros, é cuestión de prioridades, pero terá que esperar un pouco ata que se fagan outras cousas.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros do



SECRETARIA

Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e do concelleiro do grupo municipal Esperta Monforte- Grupo Mixto.

14º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO SOBRE CONTROL GASTO 180.000 € XESTION PISCINA MUNICIPAL.

O ditame é favorable á moción cun voto a favor do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"1.-Solicitamoslle, no mesmo foro no que foron verquidas estas afirmacións, aclaración das mesmas.

2. Trasladar os monfortinos unha aclaración real do destino de esa partida económica.

3. Informar os monfortinos das acción que ten pensao acometer o noso concello para o mantemento dos postos de traballo dos traballadores da piscina municipal".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que van votar a favor diso e que se informe.

Intervén D^a Katherinie Varela di que a ela lle interesa porque no pasado pleno porque foi no pasado pleno que se lle recriminou que non enteraba onde ía esa partida. Ao mellor a culpa foi dela preguntar para aclarar máis. Vostede, sr. Alclade o aclarou no pleno. Agora como di o Sr. Germán quedoulle a dúbida dixo no anterior pleno era o que ía costar os 180.000 euros.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Germán que fiscalice vostede o que queira, aquí transparencia total. Vai explicar porque a moción que presenta non é moción é un contido dun rogo. 1º semestre 2024 365.000,00 2º semestre 2024 180.000,00 € en total no 2024 será 545.000,00 euros aproximadamente menos que en anos anteriores.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non fixeron afirmacións eles non tiveron información, eles si que miran os datos, entón o que non vai admitir, é certo que vostede pode dicir o queira. Di que el está facendo todo tal como o mandan. Piden unha memoria valorada da piscina dende marzo e aínda non a teñen. Di que eles non teñen ningunha maneira de mirar iso que lle están dicindo, na comisión informativa sería o que contestarían. A piscina non vai costar menos, 650.000,00 euros o que pasa que este ano vaise pechar para reformala, que despois TRAGSA non presentou unha factura de 360.000,00 euros ao cobro, nada do que dixo vostede é certo, eles teñen o papel da súa intervención na que di que eses 180.000 vai custar menos, senón o sabía pero despois estar reiterando que non se enteran de nada, e agora resulta que sae que o problema non presentou ao cobro ao Concello de Monforte unha factura.

Intervén D^a Katherinie Varela di que se ten a ben aclarar estas cousas. Comenta que algúns usuarios lle comentaron a posibilidade de trasladar a Chantada. A moción como reza na súa articulación final parece máis un rogo ou unha pregunta que unha moción.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres di que explicou unha serie de datos é precisos, é unha pregunta non é para un debate, vostede non se entera nin na forma nin no fondo.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndome o ano pasado a empresa non facturou un semestre polo tanto non cobrou eses diñeiro, polo tanto este ano cando este se descubre, non chegan os cartos presupostados pero como 300.000,00 hai que metelos como non fan os segundos 300.000,00 por iso son 180.000,00 e non 360.000,00 euros, en relación coa iniciativa saben que as iniciativas se califican, ás veces se tramitan e outras veces, e aquí di "SOLICITA", isto é un rogo, e a última é unha pregunta, está preguntando o que se vai facer cos traballadores.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e do concelleiro do grupo municipal Esperta Monforte- Grupo Mixto.

15º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO SOBRE REVISIÓN PAGOS GRUPOS POLÍTICOS.

O ditame é favorable á moción cun voto a favor do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese a proposta da moción:

"1. Revisar e modificar o que sexa necesario apra que as contas dos pagos os partidos políticos se axusten a realidade aprobada no pleno de organización.

2.- Cambiar esa actitude obstrucionista para co traballo de control do gasto que debemos exercer dende a oposición.

3.-Habilitar ferramentas para que o traballo de control por parte da oposición sexa máis sinxelo".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aquí o que se vai trasladar que se revise isto, non sabe que se falou nalgún foro, eles no pasado mandato tiñan que partir os 300 euros entre dous. Di que eles máis aló de que sexan 500 ou 300 euros, pero legalmente o que hai no pleno de aprobación son 300 euros fixos e 150 por variable. Neste mandato se tivo que facer unha conta particular do partido político.

Intervén D^a Katherinie Varela di que non sabe se ao final se vai votar esta moción. Entende que se se aprobou en pleno non debería haber maior problema. Presentaron noutras mocións a importancia de ter maior rapidez ao acceso á documentación. Sería importante que eles puideran acceder con maior rapidez, e mellor ver a documentación a media que se van aprobando.

Intervén D. Ibán Torres di que van debatir entón o rogo de Esperta Monforte. Leva dando moitas voltas a algo que é moi sinxelo. É a última vez que se van admitir un debate con rogos. A información a ten vostede a súa disposición con total transparencia. 21.06.23 se



SECRETARIA

desarrolla o pleno de organización de 300 a 500 euros para beneficiar máis ao grupo da oposición e aumentar a 200 da axuda por concelleiro, por un erro de transcripción non se reflexaron correctamente estes acordos, 500,00 euros e 150 por concelleiro/a. No pleno de decembro do 2023 se acordou a rectificación deste erro, reflectindo de maneira correcta as cantidades, se abonou a cada grupo político a contía de 500 euros. Neste ano 2024 os grupos políticos reciban 500,00 euros por grupo e 150,00 euros por concelleiro/a e iso é todo, non hai nada máis.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que despois de todos estes erros que di que teñen e da factura que non mandou TRAGSA que aínda non vimos, que a cantidade de erros e incorreccións que vemos, que coa información que teñen non pode ser que 300,00, houbo un erro, e despois vostedes non teñen ningunha presa en dar información, tarde o temprano trae como un dos rogos canta xente foi comer no tribunal de selección pagaron unha factura de 1.500 euros, eles con toda a información que teñen, non teñen esa factura a pedirá mañá, e vostedes en setembro se a enviaran. Eles con toda esta aclaración que se equivocaron noutra transcripción, entenderán que efectivamente por moito que se te fixes se todas as cousas que lle pasan esta ben ou mal. Tendo en conta que hai montón de fallos de transcripción, non veña dicirque a piscina vai costar menos e resulta que a TRAGSA non pasou unha factura.

Intervén D. Emilio José Sánchez retira o que dixo se alguén se molestou o que dixo, onde vai traer transcrito o que vostede dixo no pleno en xaneiro ou decembro, cando dixo que no pasado para que os grupos da oposición, el non di que non se tiña que haberse feito, cando se falou dos orzamentos, os erros son para correxilos, repito que alguén se molestou polo que dixo, no próximo pleno traerá iso para acláralo, non se está acusando a ninguén simplemente que se aclare.

Intervén D. Ibán Torres vostede non se equivoca nunca, eles si e os funcionarios tamén, pero fíxese ademais para ver estes datos basta con ler os presupostos, senón que estase falando do que cobra vostede. Falando do que se cobra, hai unha cousa que non vai pasar por alto, lembra o pleno no que se acordou o aumento e vostede se opuso ao aumento, pero o cobra, se algo lle parece incorrecto aínda que outros o aproben non o colle. Co que vostede critica que hai unha falta de información que se cometen erros, pero sobre todo mire os presupostos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto tamén pon "solicitamos" iso non se vota, xa llo explicaron non van facer o seu traballo. dille a D. Emilio que el se pode equivocar como calquera ao que vostede se refire a división das cantidades foi no ano 2019, neste mandato non, porque vostede ten grupo, estase falando de agora, a proposta era de 500,00 euros por grupos e 150,00 por concelleiro e polo que sexan non se correxiu ata decembro. Habería que valorar iso, porque os partidos políticos necesitan medios para facer política.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do grupo municipal Esperta Monforte- Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN



SECRETARIA

16º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (01.04.2024 ELECT, 01.04.23 REC e 04.04.24).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

17º.- DACIÓN DE CONTA INFORME RESUMO RESULTADOS CONTROL INTERNO 2023

A efectos de cumprir co disposto polos artigos 37 e 38 do Real Decreto 424/2027 de 28 de abril, dáse conta do informe-resumo do control interno durante o ano 2023.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta do Partido Popular en relación co quisoco da compañía

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se está valorando as posibilidades de uso.

Pregunta do Partido Popular en relación coa cafretería dde fentro do viño e praza.

Resposta o alcalde que non van licitar ninguha das dúas, non van competir coa iniciativa privada.

Rogos do Partido Popular da estrada de Piñeira.

Rogos do Partido Popular datos do Centro de Drogodependencia.

Resposta o Sr. Alcalde que non hai trataran de quitar un concurso para haber se o cubren.

Rogo do Partido Popular que antes de arranxar o firme se arranxen as tubaxes.

Rogo do Partido Popular o arranxo do horto red natura no colexio da Gándara.

Pregunta do Partido Popular sobre os toldos do campo da Pinguela, cómo se atopan os trámites para o seu arranxo.

Pregunta do Partido Popular porque na paxina do concello non aparece a foto de toda a Corporación.

Rogo "in voce" do BNG, sobre o pavimento das beirarrúas na zona de Carude, para que se teña en conta iso e que modifique cando se poda.

Pregunta de Esperta Monforte, cantas persoas formaron parte do tribunal de selección do 31.11.2023, canto tempo van tardar en darlle a memoria valorada da piscina.

Rogo de Esperta Monforte para a reparación de fuga de auga na rúa Vilanova.

Rogo de Esperta Monforte para facilitar móbil ou watsap para que a cidadanía poda comunicar desperfectos a través da cidadanía.



SECRETARIA

O Sr. Alcalde di que neste pleno produciuse a circunstancia de que Esperta Monforte presentou despois das 12 as mocións e houbo que refacela convocatoria, así que cando coincide o último o pleno e non hai festivos no medio, a hora límite para presentar as mocións é as 12 do mediodía, o segundo venres anterior ao día do pleno.

En maio haberá dous plenos o día 13 de maio ás 14:30 para o sorteo das mesas electorais, e como no mes de maio coincide un festivo, o día 22 que tocaría comisións é festivo para a administración local que é Santa Rita, o concello estará pechado salvo o rexistro ás comisións, a convocatoria será o día 14 para as comisións o día 20, e faise o 14 porque o 17 é festivo, o día 14 ás doce é a hora límite para presentar as iniciativas.

Remata a sesión as doce horas e vinte e cinco minutos do día 30 de abril do 2024. De todo o que eu Secretario, certifico.

Vº e Pce

O ALCALDE